

A Mesa informa

BOLETÍN Nº 46 / ANO XVII
XUÑO 2004
5.000 EXEMPLARES

remesa**A INSPECCIÓN EDUCATIVA XA INSPECCIONA O CUMPRIMENTO DO DECRETO 247/95**

Neste curso que remata, A Mesa centrou os seus esforzos en demandar o cumprimento do Decreto 247/95. Con este fin, presentáronse denuncias contra a Inspección Educativa por negligencia. Tras esta denuncia, a Inspección comezou a cumprir coa súa obriga de velar polo Decreto (por vez primeira desde que se promulgou), visitando os centros de ensino e pedindo informes sobre a situación.

Ademais da vía xudicial, A Mesa promoveu unha mobilización social de estudantes de secundaria, convocada conxuntamente coas organizacións xuvenís Galiza Nova, Mocidade pola Normalización Lingüística e Comités Abertos de Estudantes. Máis dun 85% dos alumnos e alumnas pararon os institutos o día 28 de Abril, demandando civicamente o cumprimento da lexislación vixente sobre o ensino en galego.

As organizacións convocantes do paro déronlle de prazo á Consellaría até o

3 de Maio para que efectivizase o cumprimento do Decreto 247 para o próximo curso escolar ou, do contrario, convocárase unha nova mobilización estudiantil para a semana das Letras Galegas. Como resposta a este ultimato, as inspeccións provinciais enviaron unha carta a centros de ensino, datada o día 3 de Maio, que aquí reproducimos:



Tal e como se lle indicou na visita realizada ó seu centro, con motivo de seguir o cumprimento do proceso de normalización lingüística, que

establece o Decreto 247/95, é preciso que antes do 20 de maio do actual poidamos dispor do compromiso de solventar as anomalías detectadas nese aspecto, con vistas o curso 2004/05, asinado polo profesorado implicado, Xefes dos Departamentos correspondentes e Director/a, tanto no que atinxe á recomendación de libros de texto, coma á lingua na que debe ser impartida a docencia.

Ainda sendo importante o éxito conseguido, a Inspección e o Goberno non deben botar simplemente a pelota ao tellado do profesorado. A Consellaría de Educación debe garantir, p. ex., que haxa material pedagóxico diverso para a impartición en galego.

PARABÉNS AO ESTUDANTADO

Cada estudante que participou na folga contribuíu para que mude esta situación do ensino. Por iso, as organizacións convocantes do paro estudiantil comezaron unha campaña felicitando aos/ás alumnas/os polo éxito conseguido e pola súa mostra de responsabilidade.

CURSO 2004/05

Desde A Mesa observaremos tamén os libros de texto seleccionados para o curso 2004/05, para contrastar se por vez primeira conseguimos que se cumpra a lexislación no referido aos materiais pedagóxicos. Se o Decreto 247 se continúa a incumplir, convocaremos unha nova mobilización, sen descartarmos outras posibles medidas xudiciais.

O 17 DE MAIO SOLICITAMOS O CUMPRIMENTO DO DECRETO



O Día das Letras, realizamos un acto simbólico no Obradoiro, despregando unha pancarta de 25 metros co lema: "Os gobernos responsábeis cumpren as leis. Acatamento do Decreto 247/95. Polo ensino en galego. Xa!". O acto tivo unha importante repercusión mediática.

ASEMBLEA XERAL 2004

A XI Asemblea Xeral de Socias e Socios da Mesa, reunida en Marzo, aprobou os diversos puntos que se levaban para o debate, como a memoria de actividades que apresentou a Comisión Permanente, o informe de contas, a liña de actividades para os próximos meses e o orzamento para o próximo exercicio. Dentro da proposta económica, déuselle o visto e prace á iniciativa de suba de cotas para os asociados e asociadas. Non se fixera ningunha suba de cotas desde hai oito anos, o que supuña unha perda adquisitiva importante para A Mesa, debido á inflación, co efecto "euro" polo medio.

Na Asemblea acordouse pasar a cobro a diferenza entre as cotas actuais e as novas, que é de 2,98 euros anuais para estudantes e paradas/os e de 9,95 euros anuais para as persoas que actualmente pagan unha cota de 30,05 euros.

MUDANZAS NA COMISIÓN PERMANENTE

Tres persoas deixan a Comisión Permanente por motivos laborais: Roberto Samartim, Luz Castro Pena e Xavier Campos. Agradecemos aos tres o tempo e os esforzos dedicados á organización, así como o apoio e o alento que nos continúan a dar na actualidade.



Begoña Valdés



Susana Romero

Nos últimos meses tamén houbo novas incorporacións á Comisión Permanente, de acordo co estipulado polos Estatutos: as de Susana Romero (viciña de Santiago e traballadora de AENA) e Begoña Valdés (profesora de Lingua e literatura españolas na Coruña).

PLANO XERAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A Dirección Xeral de Política Lingüística convidou a participar ao Presidente da Mesa, Carlos Callón, nas comisións para a elaboración do Plano Xeral de Normalización Lingüística. Como é sabido, A Mesa fixo parte do movemento crítico creado a finais de 2002 contra o proceso de elaboración de dito plano, mais respondemos positivamente ao chamamento, por observar algunhas mudanzas de relevo: A posibilidade de participarmos realmente coas nosas propostas, con garantías para o debate, e a constatación de que se convidara a outras persoas e

organizacións críticas coa política lingüística oficial. Tamén quixemos evidenciar que A Mesa actúa con responsabilidade e con gañas de debater e negociar.



O Presidente da Mesa transmitiulle tamén ao Director Xeral de Política Lingüística as moitas discrepancias que a nosa organización continúa a ter coa elaboración do PXNL e, sobretudo, coa notoria falta de vontade do Goberno para conseguir a recuperación do galego, unha vontade sen a cal o PXNL pode ser mero papel mollado.

NAIS E PAIS ENTREVÍSTANSE CO VALEDOR DO POBO



Representantes do Colectivo de Nais e Pais mantiveron unha entrevista co Valedor do Pobo, onde lle expuxeron os problemas que encontran as nais e pais que queren educar ás súas crianzas en galego, tanto no ensino (especialmente polo incumprimento e insuficiencia do Decreto 247/95), mais tamén debido ao efecto desgaleguizador doutros sectores.

ACORDO DE COLABORACIÓN CON LUK INTERNACIONAL

A Mesa asinou un acordo de colaboración coa distribuidora Luk Internacional, polo cal nos comprometemos a apoiar os filmes que estreen en galego.



Hai pouco, saíron en vídeo e DVD os títulos *Shin Chan. A invasión* (que non pasou polas nosas salas de cinema) e *Doraemon e o Imperio Maia*. Ademais, A Mesa apoia a estrea, con todas as copias na nosa lingua, dos filmes *Shin Chan. Operación rescate* (que se estreará o próximo día 19 de Xuño) e *Doraemon. O Gladiador* (o 26 de Agosto).

Dentro das colaboracións entre Luk Internacional e A Mesa, poremos á venda unha camiseta e unha chapa de Shin Chan, co lema "O galego, cacho lingua!". Para seres unha das primeiras persoas en lucilas, podes encargalas xa.

UN ÉXITO HISTÓRICO: A TRADUCCIÓN DE WINDOWS

A Mesa realiza campañas para a introdución do galego na informática dirixidas tanto á empresa Microsoft como á Xunta de Galiza desde o ano 1995. Tanto o Goberno galego como a empresa se negaron, argumentando os custos das traducións, mais tanto

esta como as seguintes versións de Windows non tiveron opción de galego e si de catalán e basco.



A Mesa iniciou unha nova campaña de presión a Microsoft para que traducese Windows ao galego. Froito do anuncio desta campaña, coñecemos a existencia dun acordo para a súa tradución entre Microsoft e a Xunta, supostamente asinado no verán de 2003 e que tería os seus primeiros froitos a finais de febreiro deste ano... Microsoft solicitoulle á Mesa, nun primeiro momento, que colaborásemos na difusión da versión en galego do Windows XP, aínda que parece que as presións da Xunta fixeron que a multinacional se botase para atrás. A pesar da nosa solicitude formal, a DXPL negouse a facer público ese convenio e as súas implicacións.

TRADUCCIÓN DE SOFTWARE LIBRE

Ademais, nas próximas semanas agardamos presentar un proxecto de tradución de software libre en colaboración con varias institucións. O papel da Mesa é promover a existencia de estruturas estábeis que axuden á tradución de software, así como a difusión social do mesmo, que complementen e incentiven o importante traballo voluntario que hai nestes momentos.

CORRELINGUA 2004

A carreira lúdico-reivindicativa volveu aglutinar a uns 35.000 rapaces e rapazas co obxectivo de demostrar

que é posíbel andarmos en galego pola vida. Previamente á carreira, organizouse un concurso de lema e manifesto, resultando gañadores os alumnos e alumnas do centro IES Vilar Ponte, de Viveiro, e ficando en segundo lugar os estudantes do CPI Viaño Pequeno, de Trazo. Todos os traballos presentados poden consultarse na páxina web www.correlingua.org



A Mesa colabora no Correlingua xunto coa CIG-Enseño, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, as coordinadoras dos equipos de normalización lingüística e varios concellos.

PROPOSTAS PARA O NOVO GOBERNO CENTRAL

A Mesa fixo pública unha táboa de solicitudes en positivo ao novo Goberno central, referidas basicamente á Administración periférica do Estado, a Administración de Xustiza, o Instituto Cervantes, RNE e TVE.

Estas propostas foron enviadas ás/aos deputadas/os e senadoras/es eleitas/os polas circunscricións galegas, ao Presidente do Goberno, novos ministros e ministras e outros cargos que están implicados no cumprimento destas demandas.

Baixa dos servizos de Telefónica – Movistar

Foron moitas as protestas que realizamos polos servizos en galego, nulos ou discriminatorios, que a empresa Telefónica fai e fixo. Ao se manter esta situación, a Comisión Permanente da Mesa decidiu realizar a baixa dos servizos de telefonía móbil que tiñamos contratados con Telefónica-Movistar.

ACTÚA!

Son moitas as denuncias que recibimos na asociación. Nalgunhas ocasións resólvense cunha simple chamada mais noutras precisamos tensionar para conseguir os obxectivos. Pedimos a vosa colaboración para lograr algúns destes obxectivos concretos. Na sección “especiais” da páxina web da Mesa (www.amesanl.org/especiais.html) temos abertas varias campañas ás que agora lles sumamos o caso de **Vodafone** e o de **AUDASA**.

VODAFONE ten servizo de atención en galego. Actíva!



A clientela de Vodafone dispón dun servizo para ser atendida en galego sen ter que solicitálo constantemente. Este pódese activar ao contratar coa empresa ou chamando ao 123. **ACTIVA O SERVIZO!** É importantísimo demostrar o interese e boa acollida que ten este respecto pola nosa lingua.

AUDASA (Autoestradas do Atlántico)



Un compañeiro da Mesa escribiu a AUDASA solicitándolle o uso do galego na sinalética, nos tiquets, etc. É fundamental que continúen a recibir peticións para logramos convencelos de que deben facer a galeguización, solicitarlles que respeten a lingua do país e que non lles esqueza que dispoñen do diñeiro de todas e todos nós. Tendes máis información e unha carta modelo na páxina web.

ACAMPALINGUA 2004

Dificultades de última hora fixeron imposible a realización do Acampalingua nas datas e lugar que tiñamos previsto. Isto fixo que tivéssemos que reformularnos toda a realización e financiamento do mesmo, polo que decidimos aprazar a realización, que será do 30 de Agosto ao 5 de Setembro. Precisamos saber con antelación se hai posibilidades de cubrir a totalidade das prazas (40), polo que **abrimos prazo de pre-inscrición até o 12 de Xullo**.



As persoas interesadas deben facernos chegar (teléfono, fax, correo electrónico ou postal) os seguintes datos: nome e apelidos do pai ou da nai, nome, apelidos e data de nacemento do neno ou nena, enderezo e teléfono de contacto. Na última semana de Xullo confirmaremos a realización do campamento.

Lembrámosvos que o campamento está deseñado para idades de 8 a 14 anos.

PROMOVEMOS O IRMANDAMENTO DOS CONCELLOS DE RIANXO E LUBIÁN

A Mesa propuxo o irmandamento destes concellos, dentro do noso programa para ligar os concellos do galego exterior que o desexen con outros da comunidade autónoma. O marco, sendo inicialmente a identidade lingüística, ábrese a todos os aspectos da realidade socio-económica e cultural. A elección de Lubián como interlocutor de Rianxo derivase da súa cualidade de concello militante na defensa e promoción do galego desde hai moitos anos.

Tanto Rianxo como Lubián e A Mesa pretendemos que esta institucionalización teña permanencia, que non se limite a unha conmemoración efémera. Queremos que haxa un traballo constante, con iniciativas de ida e volta, desbotando o coñecido esquema de folclore e gastronomía. Serán as institucións as que comecen a promocionar os encontros, mais pretendemos que a medio prazo sexan a cidadanía e a sociedade civil as protagonistas das iniciativas.

O irmandamento acordouse entre todos os grupos políticos dos dous concellos, e foi aprobado nos correspondentes plenos.